



AMPLIAR AS MENSAXES VERBAIS DOS NENOS

RAQUEL PADRONES GARCÍA. MESTRA AL



Guía orientativa para observar a audición do voso fillo en cada tramo de idade

Como adoita pasar (os pesimistas-realistas dirían como raramente pasa) unha das maneiras máis eficaces de dar linguaxe a un neno é tamén unha das máis sinxelas de levar a cabo. Estoume a referir a adoptar o costume de ampliar o que o neno nos di.

Ampliando ofrecémoslle un modelo correcto de expresión e axudamos ao neno a:

- Comprender máis e mellor acerca daquilo que nos di, daquela experiencia que tivo.
- Aprender a dicir palabras novas.

Calquera palabra ou tema pode ser ampliado, o modo de facelo dependerá só do nivel de comprensión que teña o neno en cada momento do seu desenvolvemento.

Imaxinemos unha nena de curta idade xogando no chan cun cochiño, a nai agáchase para participar no xogo da nena...

A nena inicia unha conversación co seu mami, e di: *mami coche*. Aí temos a mensaxe, a palabra: *coche*. ¿Que pode facer a nai con esa palabra?, ¿como a ampla?, hai varias formas:

- Pode **nomear**: *Si, é un coche*
- Pode **describir**: *ah, si, é un coche vermello moi bonito.*
- Pode **explicar**: *si, o coche, mamá vai ao traballo no coche.*
- Pode **incorporar os senti-mentos** da nena: *ah, si, un coche, ¿a ti gústache ir de paseo no coche?*
- Pode **imaxinar**: *Un coche, si, imaxina que baixamos unha costa moi graaande...*
- Pode **falar de mañá**: *si, o coche, mañá iremos no meu coche a visitar os avós.*
- De **dentro de moitos mañás**: *si, un coche, cando sexas maior ao mellor ti conduces un coche*
- ... **ou de onte**: *ah si, o coche, onte fomos no coche a recoller o teu irmán, ¿lémbraste?*

As posibilidades son moitas, tantas como se nos vaian ocorrendo pero sempre están a incidir en ofrecer un modelo correcto, en mellorar a comprensión, en dicir palabras novas, ... en definitiva: estamos a dar linguaxe, ampliando as oportunidades de aprender do neno.

¿OUE BEN O MEU FILLO?

A finalidade deste artigo é ofrecer aos pais dos máis pequenos unha sinxela guía para detectar no fogar posibles dificultades ou perdas de audición nos seus fillos. Chamar a vosa atención sobre un aspecto tan importante para o desenvolvemento do neno como é a audición obedece ao feito de que actualmente un 30% das xordeiras ou hipoacusias se están a diagnosticar tardiamente (a partir dos 3 anos de idade).

Aínda que moitos hospitais e maternidades do noso país dispoñen xa dun Programa de Detección Precoz de Xordeira, e nalgunhas Comunidades Autónomas é obrigatorio que todos os recém nacidos pasen polo devandito programa, o certo é que por desgracia

aínda non se están a aplicar de forma xeneralizada por parte dos servizos públicos de saúde. Dada a situación faise especialmente importante a observación e seguimento por parte dos propios pais da audición nos primeiros anos de vida dos seus fillos.

Se unha perda auditiva non se detecta precocemente tampouco será atendida precocemente o que dará lugar a importantes alteracións na adquisición da fala e da linguaxe, no desenvolvemento emocional e cognitivo así como na integración familiar, escolar, social e laboral. Solo unha detección precoz permitiranos realizar un oportuno labor preventivo, educativa e rehabilitadora para aproveitar ao máximo a idade crítica de aprendizaxe.

Do nacemento aos 3 meses

- O voso bebé axitase, abre os seus ollos ou pestanexa cando hai un ruído.
- Dá mostras de escoitarvos cando lle falades ou cantádeslle.
- Tranquilízao escoitar a vosa voz.
- Reacciona ao son dunha campaiña.

De 3 a 6 meses

- Reacciona aos ruidos familiares.
- Oriéntase cara á vosa voz coa mirada ou xirando o colo.
- Responde con emisións á voz humana.
- Emite sons guturais para chamar a atención.

De 6 a 9 meses

- O neno mira e atende cando se lle chama polo seu nome.
- O neno mira cara ao sitio onde se orixina un ruído ou se asusta se este é forte.
- Chama a vosa atención mediante vocalizacións.
- Emite sílabas (pa, ma, ta...)
- Xoga coas súas vocalizacións, repetindoas e imitando as do adulto.

De 9 a 12 meses

- Parece responder mesmo ante sons moi débiles.
- Recoñece e localiza "papá" e "mamá" cando se lle nomean.
- Comprende palabras familiares.
- Entende a negación.
- Comprende ordes sinxelas sen apoio xestual como por exemplo dáme..., toma..., Ven...

De 12 a 18 meses

- Di "papá" e "mamá" con contido semántico.
- Comeza a dicir as súas primeiras palabras.
- Recoñece e localiza os seus xoguetes cando se lle nomean.
- Responde de forma distinta a sons diferentes como o timbre, o teléfono, ...
- Nomea algúns obxectos familiares.
- Responde dalgún xeito cando se lle chama dende outro cuarto.
- Responde a preguntas sinxelas sen xestos.
- Xoga imitando xestos que acompañan cancións infantís (por exemplo "os 5 lobitos"....), ou sorrí ao recoñecer estas.
- Comprende ordes como: -"di adeus"

De 18 a 24 meses

- Empeza a usar palabras simples (en torno a dez).
- Conta cousas na "súa linguaxe".
- Pode sinalarse partes do corpo cando llo/llelo pedimos verbalmente.
- Pon atención nos contos.
- Comprende ordes sinxelas sen acompañalas de xestos indicativos.
- Coñece o seu nome.
- Fai frases de dúas palabras.

Aos dous anos

- Intenta falar convosco xuntando palabras en frases sinxelas.
- Responde a ordes e preguntas sinxelas mesmo cando está lonxe do que lle fala.
- Pode oírvos mesmo cando lle falades en voz moi baixa.
- Sinala nos debuxos o que lle pedides.
- Gústalle que lle leades contos.

De 3 a 6 anos

- Sabe falar. Utiliza unha linguaxe aceptada á súa idade e todo o mundo lle entende (non só os seus familiares máis próximos).

- Sabe contar o que lle pasa (expresa verbalmente as súas necesidades, sentimentos e vivencias).
- É capaz de manter unha conversación sinxela.
- Fala con outros nenos.
- Pode repetir unha frase se se lle pide.
- Pode explicar o que vai nun debuxo, ilustración, etc.
- Contesta a preguntas sinxelas sobre si mesmo, os seus familiares, a súa vida...
- Cando se lle pregunta algo non contesta sistematicamente cun "¿que?"
- Utiliza correctamente os pronomes persoais "Eu" e "Ti".

Outros aspectos que convén observar:

- ¿Berra o neno excesivamente ao falar?
- ¿Sobe moi alto o volume do televisor?
- ¿Ten problemas de relación ou integración na escola? ¿É Introverso, distraído ou agresivo?

Se tras a observación tedes dúbidas sobre a audición do voso fillo debes acudir ao médico especialista (otorrinolaringólogo) para que realice a valoración oportuna. Non esperedes. Recordade que un diagnóstico precoz é a mellor garantía dun desenvolvemento normal nun neno con perda de audición.



ATENDER PARA ESCOITAR, ESCOITAR PARA ENTENDER

IGNACIO LÓPEZ PRESEDO. MESTRE EF



O R. D. 1513/2006 polo que se desenvolve a LOE, Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, non incorpora grandes cambios respecto da LOXSE (Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, de 1990).

O que se destaca é que a lectura constitúe un factor fundamental na nova lei.

No caso da Educación Física os elementos básicos do currículo son similares aos vixentes, polo que o currículo básico da área non presenta practicamente cambios.

Logo de ollar o novo Real Decreto, un chega a conclusión de que o problema da educación parece residir no número de horas dedicadas a cada unha das áreas do currículo, como se a causa do fracaso escolar se reducirá a cuestións de horarios.

Si a calidade da educación pasara por dedicar máis tempo a unhas áreas e reducir o número de horas doutras, a solución semellaría sinxela, pero o problema pode que non sexa ese. Un aspecto esencial radica na falta de atención do alumnado nas clases en xeral, que condiciona profundamente o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Non sabemos en qué radica esa falta de atención dos nosos alumn@s, se na falta de motivación, se na falta de interese, na falta de necesidades, no rateo de alumn@s por clase, O que si está claro, é que o feito de impartir máis horas de lingua ou matemáticas para que os alumn@s obteñan mellores resultados non vai a ser a solución dos males da educación.

A un nen@ sen interese, que nas clases non atende, que non escoita, que máis da impartirle máis horas dunha área, os resultados non van a mellorar coa cantidade, senón que o esencial radicaría en mellorar a calidade, e para iso resultaría fundamental contar coa atención do alumnado.

Sería sinxelo se a solución radicase no aspecto cuantitativo, pero desgraciadamente non é así, e o aspecto cualitativo parece ter un papel preponderante neste caso, e para iso, é necesario conseguir que os nosos alumn@s nos presten atención, nos escoiten, pois do contrario toda acción educativa carece de fundamento.

A falta de atención, polo tanto, parece ser un dos problemas fundamentais cos que se atopa o profesorado na actualidade, en numerosas ocasións experi-

mentámolo nós mesmos e noutras somos testemuñas de como compañeir@s mestres manifestan o seu sentir pola ausencia de atención dos seus alumn@s, e a conseguinte falta de resultados.

Abordando o problema da educación dende esta vertente a solución non parece sinxela, pero o que si parece estar claro é que a mellora deste aspecto necesita da participación de todos os sectores da comunidade educativa, como somos os mest@s, as familias e sobre todo os propios alumn@s.

HABILIDADE DE ESCOITAR

Normalmente caemos no erro de considerar unicamente como habilidades comunicativas fundamentais as de ler e escribir, cando escoitar e falar tamén o son, de aí que o seu desenvolvemento constituía unha tarefa de primeira orde no proceso educativo, que é a súa vez un proceso comunicativo.

En especial, a habilidade de escoitar non se lle da moita importancia, a pesar de que constitúe unha parte significativa, de feito, a través da escoita transmítese a maioría da información relativa aos contidos e obxectivos do currículo.

En ocasións confundense os termos escoitar e oír, pois son considerados como si significaran o mesmo; sen embargo non son iguais. Según Cecilia Beuchal (profesora chilena): "Oír refírese á recepción física das ondas sonoras a través do oído. Escoitar, en cambio, inclúe ademais de oír, a capacidade de recibir e responder ao estímulo físico e de utilizar a información captada a través do canal auditivo. En tal senso a escoita podería definirse como o proceso polo cal a linguaxe falada se converte en significado na mente do receptor".

A habilidade de saber escoitar é un indicador de gran valor no comportamento dun bo comunicador.

CARACTERÍSTICAS DUNHA BOA ESCOITA

Unha boa escoita ou un escoita atenta ha de caracterizarse por:

- A capacidade de percibir sensorialmente o que transmite a outra persoa.
- A capacidade de interpretar, de comprender a mensaxe captada.
- A capacidade de avaliar, de decidir a importancia e validez no contexto do escoitado.

- A capacidade de responder a mensaxe do interlocutor.

No proceso de ensinanza-aprendizaxe altrárase en ocasións o proceso comunicativo xa que os alumn@s non perciben eficazmente a información ou non interpretan correctamente a mensaxe transmitida, o que fai que o contido non poida ser abordado con profundidade. É entón, cando a resposta non se produce e a comunicación se ve obstaculizada, polo que resulta indispensable traballar a habilidade de escoitar de forma efectiva cos nosos alumn@s e fill@s, pois do contrario o proceso educativo se verá notabelmente alterado.

Tanto dende a escola como dende a casa debemos de incidir en que os nen@s realicen unha escoita atencional e analítica, na que o ointe atenda para obter información e así poida participar activamente nas clases e nas demais situacións comunicativas da vida cotián, evitando a escoita marxinal, que é aquela que non constitúe unha actividade principal, xa que nela os sons están noutro plano e a informa-



...

ción permanece allea ao individuo, sendo desgraciadamente esta unha das formas de escoitar máis utilizada por algúns dos nosos alumn@s en momentos determinados da xornada escolar.

Saber escoitar implica dirixir a atención cara as palabras do outro, tentando acadar unha percepción, extraendo o esencial da mensaxe oída e evitando os xuízos anticipados, sen comprender a información emitida polo interlocutor. Polo tanto escoitar ben non é un acto pasivo, senón activo, e no que ser bo oínte implica ademais amosarse respectuoso e paciente na actividade comunicativa.

DEFECTOS MÁIS FRECUENTES

Os defectos máis frecuentes que se manifestan por parte do oínte, que impiden a comunicación activa soen ser:

Non prestar atención ao que se di, este acostuma a ser o defecto máis característico naqueles alumn@s que manifestan problemas na habilidade de escoitar.

Estar pensando na resposta en lugar de escoitar atentamente. Preparar a resposta antes de que o interlocutor remate de falar.

Fixarse en detalles en lugar de extraer as informacións principais.

Responder prolongando o pensamento do falante, é dicir, repetindo máis do que xa expresou o interlocutor.

RECOMENDACIÓNS

É deber de todos, familia, profesorado, nen@s, contribuir a que se eliminen os defectos e que se practique unha escoita activa, para o cal resulta necesario e fundamental ensinar a escoitar, partindo do exemplo persoal como modelo comunicador eficiente. Así algunhas das recomendacións para mellorar a habilidade de escoitar poderían ser:

- *Tentar que o acto comunicativo se produza nun ambiente tranquilo onde os elementos externos non desvían a atención dos que deben escoitar. O ambiente de comunicación debe estar estruturado, organizado e interiorizado.*
- *Acadar unha situación de silencio antes de emprender o acto comunicativo.*
- *Traballar a conduta de escoitar e esperar o momento oportuno para falar.*
- *Incidir en que os que escoitan dirixan a mirada cara o interlocutor.*
- *Propiciar o diálogo: familia-alumn@-familia e profesorado-alumn@-profesorado.*

- *Habituar a escoitar cando falan e non interromper.*
- *Solicitar a palabra e esperar a rolda para expresarse.*
- *Amosar atención e interese cara o que se di.*
- *Non anticiparse ao que a persoa que fala está dicindo.*
- *Realizar preguntas sobre o que se escoitou unha vez rematada a intervención do interlocutor, co obxectivo de comprobar que a escoita foi activa e que a mensaxe foi comprendida, que se captou a idea central.*
- *Buscar técnicas de intervención para centrar a atención en cada caso particular pois cada nen@ presenta unhas características propias.*
- *Conscienciarse que as estratexias utilizadas para que a escoita sexa eficaz nunca suporán unha perda de tempo, xa que a larga producirán os seus efectos. O tempo utilizado para a comunicación nunca suporá un tempo perdido, o importante será chegar a acadar a atención dos alumn@s.*
- *Escoitar para ser escoitados.*




Non caso da área de Educación Física o feito de traballar a habilidade de escoitar resulta de gran importancia, xa que aquí, aos defectos típicos dunha mala escoita súmanse outros aspectos intrínsecos da propia área que fan máis difícil a comunicación no desenvolvemento das sesións, como son: o espazo, que é aberto, mais amplo que o da aula e que en ocasións é compartido con outro grupo clase de forma simultánea; os alumn@s, que están en continuo movemento, non están sentados; o material, que pola súa tipoloxía pode resultar unha novidade e polo tanto un centro de desvío da atención, etc.

CONCLUSIÓN

Para finalizar, dicir que, cando a habilidade de escoitar falla, o mecanismo de aprendizaxe motor dificultase xa dende o seu inicio, pois unha mala recepción da información por parte do individuo provocará unha toma de decisión incorrecta e a conseguinte deficiencia na execución. Escoitar ben afecta a tódalas áreas do currículo escolar, pero ademais de iso, favorece a comunicación do nen@ co seu entorno e o seu desenvolvemento integral como persoa, que en definitiva, ven a ser a gran finalidade da educación na etapa da Educación Primaria, polo que tentar mellorar esta habilidade debe ser labor de todos os membros da Comunidade Educativa.

TI QUE QUERES SER?

MARITA VILAR ARMAS. ORIENTADORA



O mar é enorme e está cheo de peixes e doutros animais.

A lura é un bichiño moi simpático, ten as patas na testa. Pero é tímida e amedréntase facilmente.

Cando ten que falar con alguén, se pode, prefire evitalo.

A lura asústase, escapa, evita, non di o que pensa, nin como se sente, da moitas escusas, non expresa a súa opinión e, as veces, ten a sensación de que lle toman o pelo.

A quenlla ten mal xenio. Cando fala, o que fai é berrar; enfádase e saca os dentes. Todo o mundo lle ten medo.

A quenlla asusta aos demais, enfádase rapidamente, sempre cre ter razón e obriga aos demais a que pensen como ela. Hai poucos peixes que queiran ser os seus amigos.

O golfinho é amábel e sincero. Cando ten que falar con alguén, aínda que sexa para ter unha conversación difícil, fáino directamente, sen darlle voltas. Os demais animais confían nel e respéctano.

O golfinho, aínda que ás veces se pon un chisco nervioso, non se acovarda, di o que pensa e sente, incluída a súa opinión. É sincero e firme, sen ser groseiro. Todos os peixes o queren.

Cando a lura se atopa con outras luras ou peixes que non coñece,ponse moi nervosa. Ás veces tanto, que se lle escapa a tinta e marcha nadando a toda velocidade. Noutras ocasións, tapa os ollos coas patas, porque ten vergoña e case nunca inicia a conversa.

A quenlla chega arrasando. Abre a súa gran boca e di: "son a máis mala! Como a quen eu queira". E, claro, non ten moito éxito.

O golfinho achégase, sorrí, mira aos ollos do outro peixe e dille: Ola, chámome Golfinho. Como estás?

Se queres coñecer xente tes que ser un golfinho. O primeiro é achegarte, non podes falar a distancia. Ao mesmo tempo, é moi importante que mires aos ollos e que sorris á persoa coa que conversas.

A partir de aí, saúde, di o teu nome: Ola, chámome María., e ti?, e pregunta algo.

Cando outra persoa che pregunta algo, non te limites a contestar "si" ou "non". Mellor cóntalle máis cousas: Gústame os deportes, si, moito, o que máis me gusta é o baloncesto...

A lura quéixase de quedar en branco, non sabe que dicir cando está conversando.

O golfinho ten un truco excelente para que isto non lle ocorra: escoita con moito detenimento o que lle di a xente, e case maxicamente, en canto entende o que din, sabe o que ten que preguntar.

Fai ti o mesmo: escoita atentamente a persoa que che fale, asentale coa cabeza para demostrarlle que a entendes e pregunta o primeiro que se che ocorra.

A táctica do golfinho para facer amigos é:

* Sorrir, mirar aos ollos e achegarse.

* Dicir o seu nome e preguntar.

* Escoitar e dar sinais de interese.

* Para non quedar en branco, concentrarse en entender o que lle din e contestar espontaneamente.

* Cando lle preguntan, ademais de contestar cun "si" ou "non", sempre dicir máis cousas.

As persoas que se comportan como unha lura quédanse calados, asústanse, póiñense nervosos, encóllense, ou botan a correr.

A estas persoas a xente chámolas tímidos, introvertidos, inseguros, non asertivos.

As persoas que se comportan como unha quenlla buscan pelexa, berran, insultan, abusan dos outros, avasalan e abusan dos máis débiles.

A estas persoas a xente chámallas agresivos, matóns, bravúns, mandóns...

As persoas que se comportan coma un golfinho son sinceras, amáveis, afectuosas, teñen amigos, comparten xogos...

Estas persoas son asertivas, auténticas, divertidas...

A hora de relacionarte cos demais, que che gustaría ser? Unha lura, unha quenlla ou un golfinho? ¿Con que personaxe te identificas ti?

Moi probablemente, ti mesmo sexas unha persoa que, con mais ou menos frecuencia, resolves os teus problemas cos demais, coma unha quenlla ou coma unha lura e estamos seguros que che gustaría aprender a ser ti mesmo "un ser humano auténtico" actuando coma un golfinho.